

## 2º EXERCICIO: PARTE ESPECÍFICA

### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Específico Parte teórica**" entre os números **E1** e **E55** e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "**Específico Parte práctica**" entre os números **E56** e **E110** da "FOLLA DE RESPOSTAS"
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame. Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO  
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**1. En relación ás probas de caixa negra e caixa branca. Cal das seguintes afirmacións é correcta?**

- A) As probas de caixa branca refírense ás probas que levan a cabo sobre a interface do software.
- B) As técnicas específicas que seguen o método caixa branca son probas do camiño básico e probas da estrutura de control (proba de condicións, proba de fluxo de datos e proba de bucles).
- C) A técnica de proba de partición equivalente é un método de proba de caixa branca.
- D) Todas as afirmacións son correctas.

**2. Segundo a clasificación TIER relativa a grao de dispoñibilidade dun CPD, cal é o nivel mínimo que garante unha dobre liña de distribución eléctrica?**

- A) Tier I
- B) Tier II
- C) Tier III
- D) Tier IV

**3. Como se denomina o sistema de almacenamento que proporciona virtualización a nivel de ficheiro e que conectado a rede local serve para almacenar e servir ficheiros por medio de distintos protocolos como NFS ou SMB?:**

- A) SAN.
- B) NAS.
- C) SaaS.
- D) VAMPS.

**4. Entre as metodoloxías áxiles de desenvolvemento NON se atopa:**

- A) Proceso Unificado de Rational (RUP)
- B) Killer Coding (KCEM)
- C) Extreme Programming (XP)
- D) SCRUM

**5. A lei 56/2007, do 28 de decembro, de Medidas de Impulso da Sociedade da Información, establece a "obriga de dispor dun medio de interlocución telemática para a prestación de servizos ao público de especial transcendencia económica". Indica cal NON considera dita lei que é un servizo "ao público de especial transcendencia económica":**

- A) Servizos bancarios, de crédito ou de pago
- B) Servizos de subministración de auga a consumidores
- C) Servizos de transporte de viaxeiros por estrada, ferrocarril, por vía marítima, ou por vía aérea
- D) Servizos informativos dunha administración pública ao cidadán

**6. Indique cal das seguintes afirmacións é FALSA respecto a HDFS, o sistema de ficheiros distribuído de Hadoop:**

- A) Móntase sobre o sistema de ficheiros nativo do Sistema Operativo que xestiona o disco de almacenamento físico
- B) Está especialmente deseñado para funcionar ben cando se almacenan poucos arquivos, pero arquivos grandes
- C) HDFS compórtase ben en accesos aleatorios aos arquivos e actualizacións frecuentes
- D) HDFS almacena os ficheiros varias veces e en varios equipos distintos, para evitar que se un deles falla, os datos se perdan

**7. Como se denomina o mecanismo que permite que un dispositivo se identifique na rede Fibre Channel cun identificador distinto do asignado polo fabricante da tarxeta HBA?**

- A) WWN spoofing.
- B) WWN masking.
- C) HBA spoofing.
- D) LUN spoofing.

**8. Cal das seguintes técnicas de especificación de requisitos software presenta unha historia que describe a interacción entre o actor e o sistema?:**

- A) Caso de uso.
- B) Modelo matemático formal.
- C) Prototipo.
- D) Táboa de rastrexabilidade das características.

**9. Que mecanismo de acceso ao medio utiliza unha rede de área local Ethernet (IEEE 802.3)?**

- A) técnica de contenda en anel
- B) acceso múltiple ao medio con detección de colisións (CSMA/CD)
- C) acceso múltiple ao medio evitando colisións (CSMA/CA)
- D) acceso múltiple con broadcast

**10. Como se denomina o acrónimo que utiliza a EFQM (European Foundation Quality Management) para describir a lóxica que hai detrás da ferramenta de avaliación:**

- A) RADAR
- B) REDES
- C) REDER
- D) Pilar

**11. Se temos que realizar unha auditoría de sistemas de información que metodoloxía NON utilizaremos:**

- A) ISACA-COBIT
- B) ISO 9001
- C) MAGERIT
- D) DSDM

12. Cal dos seguintes NON é un protocolo utilizado en operacións de single sign on?:

- A) SAML.
- B) OKTA.
- C) OpenID.
- D) Oauth.

13. Na metodoloxía ITIL, cal é a definición de cambio?

- A) Facer que servizos e funcións novos e modificados estean dispoñibles para o seu uso
- B) Asegurar a dispoñibilidade de información precisa e fiable sobre a configuración dos servizos
- C) Mover hardware, software ou calquera outro compoñente novo ou modificado a contornas de produción
- D) Engadir, modificar ou eliminar calquera servizo ou compoñente que poida afectar aos servizos TI

14. Temos que dixitalizar un documento segundo as Norma Técnica de Interoperabilidade (NTI) do Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica (ENI). Por tanto a resolución mínima para cumprir co ENI será:

- A) Será de 200 píxeles por polgada para documentos en branco e negro, 300 píxeles por polgada para documentos de escala de grises e 400 píxeles por polgada para documentos en cor
- B) Será de 600 píxeles por polgada, tanto para imaxes obtidas en branco e negro, cor ou escala de grises.
- C) Será de 200 píxeles por polgada, tanto para imaxes obtidas en branco e negro, cor ou escala de grises.
- D) A resolución mínima non se define en ningunha Norma Técnica de Interoperabilidade do Esquema Nacional de Interoperabilidade

15. Cando unha organización quere cumprir os requisitos da norma UNE-ISO/IEC 27001:2022 debe demostrar a efectiva implementación dos apartados 4 ao 10, que son os que conforman o corpo principal da norma e son os seguintes:

- A) Estudo do sistema, liderado, planificación, Soporte, Operación, Avaliación do desempeño e Mellora
- B) Contexto da organización, liderado, planificación, Soporte, Operación, Avaliación do desempeño e Mellora
- C) Estudo do sistema, liderado, planificación, Soporte, Implantación, Avaliación do desempeño e Mellora
- D) Contexto da organización, liderado, planificación, Implantación, Operación, Avaliación do desempeño e Mellora

16. Cal dos seguintes NON é un dos dominios contemplados en COBIT 5?:

- A) Aliñar, Planear e Organizar (APO)
- B) Supervisar, Evaluar e Valorar (MEA)
- C) Entregar, Probar e Reportar (DTR)
- D) Construír, Adquirir e Implementar (BAI)

17. Cal das seguintes é unha característica dos dataware house?:

- A) É deseñado e estruturado de forma non normalizada para soportar a usabilidade.
- B) É deseñado e estruturado de forma normalizada para manter a integridade dos datos.
- C) É deseñado e estruturado para non ter en conta a dimensión temporal.
- D) É deseñado e estruturado de forma que non se permite o almacenamento de información de forma agregada.

**18. Cal das seguintes é unha característica de AJAX?**

- A) É unha tecnoloxía asíncrona
- B) Utilízase unicamente para operacións que se poidan realizar completamente no navegador
- C) As operacións invócanse sempre desde o servidor de aplicacións
- D) Cada vez que se realiza unha operación recárgase a páxina

**19. A normativa vixente pola que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica é:**

- A) Real Decreto 3/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade
- B) Real Decreto 3/2010, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade
- C) Real Decreto 311/2010, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade
- D) Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade

**20. Como se denomina o mecanismo que permite controlar o acceso ás LUN dun sistema de almacenamento para que estas só sexan visibles por un determinado host?**

- A) LUN filtering.
- B) LUN zoning.
- C) LUN masking.
- D) LUN ACS.

**21. Cal das seguintes categorías NON forma parte do documento OWASP Top 10 do ano 2021?**

- A) A04:2021–Deseño Inseguro.
- B) A05:2021–Configuración de Seguridade Incorrecta.
- C) A06:2021–Cifrado débil.
- D) A01:2021–Perda de Control de Acceso.

**22. Os elementos da cadea de valor de ITIL v4 son:**

- A) Disponibilidade, Integridade, Autenticidade, Rastrexabilidade e Confidencialidade
- B) Planificación, Avaliación, Análise, Deseño, Construción, Implantación e Aceptación do Sistema de Información
- C) Estratexia, Deseño, Transición, Operación e Mellora continua do servizo
- D) Planificar, Mellorar, Involucrar, Deseño e transición, Obter/construír, Entrega e soporte

**23. Cal dos seguintes frameworks de desenvolvemento web require python para a súa instalación e uso?:**

- A) Spring.
- B) Struts.
- C) django.
- D) Ruby on Rails.

**24. Que técnica de virtualización de servidores permite ao sistema operativo invitado ser executado sen modificacións sempre que este sexa compatible coa arquitectura hardware subxacente?:**

- A) Virtualización completa ou de hardware.
- B) Virtualización parcial ou paravirtualización.
- C) Virtualización de sistema operativo.
- D) Emulación.

**25. Cal das seguintes normativas en protección de datos NON está vixente?**

- A) Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos)
- B) Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais
- C) Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal
- D) Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal

**26. Os mapas estratéxicos desenvolvidos por Robert Kaplan e David P. Norton como visión macro da estratexia dunha organización, enumeran catro perspectivas principais dunha organización. Estas son:**

- A) Perspectiva de innovación, Perspectiva do cliente ou mercado, Perspectiva do proceso (de negocio) interno, Perspectiva da aprendizaxe e crecemento
- B) Perspectiva financeira ou de resultado, Perspectiva do cliente ou mercado, Perspectiva do proceso (de negocio) interno, Perspectiva social
- C) Perspectiva financeira ou de resultado, Perspectiva do cliente ou mercado, Perspectiva do proceso (de negocio) interno, Perspectiva da aprendizaxe e crecemento
- D) Perspectiva financeira ou de resultado, Perspectiva do cliente ou mercado, Perspectiva da información, Perspectiva da aprendizaxe e crecemento

**27. No modelo OSI, cal é a capa que garante a entrega de mensaxes de extremo a extremo?**

- A) Rede.
- B) Transporte.
- C) Física.
- D) Aplicación.

**28. Segundo o Regulamento (UE) n.º 910/2014 relativo á identificación electrónica e os servizos de confianza para as transaccións electrónicas no mercado interior, así como a Lei 6/2020, reguladora de determinados aspectos dos servizos electrónicos de confianza, o período de vixencia dos certificados cualificados non será superior a:**

- A) cinco anos
- B) dous anos
- C) 30 meses
- D) tres anos

**29. A propiedade pola que se garante que a información non foi manipulada intencionada ou accidentalmente por usuarios non autorizados, é:**

- A) Dispoñibilidade
- B) Integridade
- C) Rastrexabilidade
- D) Confidencialidade

**30. Indique cal é a afirmación correcta respecto ao "Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos", e á garantía dos dereitos dixitais:**

- A) Regula o Dereito á educación dixital, Dereito á desconexión dixital no ámbito laboral, Dereito ao esquecemento en procuras da internet e Dereito á seguridade dixital
- B) Regula o Dereito á educación dixital, Dereito á desconexión dixital no ámbito laboral, Dereito ao esquecemento en procuras da internet e Dereito á neutralidade da internet
- C) Regula o Dereito á educación dixital, Dereito á desconexión dixital no ámbito laboral e Dereito ao esquecemento en procuras da internet e Dereito á educación dixital
- D) No "Regulamento (UE) 2016/679 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos" NON se regulan os dereitos dixitais, estes regúlanse na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais

**31. No contexto da xestión de proxectos. Que é PMI?**

- A) unha certificación sobre os fundamentos da xestión de proxectos
- B) unha organización sen fins de lucro que asocia a empresas e institucións relacionadas coa xestión de proxectos
- C) unha guía de fundamentos para a xestión de proxectos
- D) unha metodoloxía de análise e xestión de riscos

**32. Onde almacenan os Sistemas de Xestión de Bases de Datos Relacionais a descrición do esquema e as súas restricións?:**

- A) No catálogo.
- B) No xestor de almacenamento de datos.
- C) No subsistema de control de concurrencia.
- D) No optimizador de consultas.

**33. Segundo o establecido na Lei 11/2022 do 28 de xuño, Xeral de Telecomunicacións, que organismo é o responsable de identificar o operador ou operadores que posúen un peso significativo no mercado cando, da análise dos mercados de referencia, se constate que non se desenvolven nunha contorna de competencia efectiva?:**

- A) A Unión Internacional de Telecomunicacións.
- B) A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais.
- C) O Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.
- D) A Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia.

**34. Cal das seguintes é unha estratexia comunmente utilizada para lograr alta dispoñibilidade a nivel de sistema operativo?**

- A) Desactivar todas as actualizacións do sistema operativo para evitar interrupcións indeseadas do servizo
- B) Realizar snapshots dos datos cunha frecuencia inferior a un minuto
- C) Implementar un cluster de servidores con balanceo de carga e failover automático
- D) Implantar un dispositivo externo que permita eventos split-brain

35. Cal dos seguintes tipos de malware é un software aparentemente inofensivo no cal se oculta código malicioso ou daniño que permite realizar operacións daniñas como permitir intrusionés ou borrar datos?:

- A) Verme.
- B) Spyware.
- C) Troiano.
- D) Adware.

36. Segundo a Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, cal das seguintes NON é unha forma admisible de prestación de garantía definitiva esixida nos contratos coas AAPP?:

- A) Mediante o volume anual de negocios.
- B) En efectivo ou en valores, que en todo caso serán de Débeda Pública.
- C) Mediante aval bancario.
- D) Mediante contratación de seguro de caución.

37. Cal das seguintes opcións NON é unha solución comercial MDM?

- A) MobileIron.
- B) Airwatch.
- C) Cisco Meraki.
- D) PlanMobile.

38. Na tecnoloxía DWDM, como se denomina o elemento que fai posible transmitir os sinais de fibra óptica a longas distancias sen rexeneración?

- A) EDFA (Erbium Doped Fiber Amplifier)
- B) LER (Label Edge Routers)
- C) FBG (Fiber Bragg Grating)
- D) LSR (Label Switching Routers)

39. Cal dos seguintes tipos de plataformas de seguridade permite a inspección profunda de paquetes (Deep Packet Inspection)?:

- A) SIEM.
- B) Devasa de paquetes con estado.
- C) Devasa de nova xeración.
- D) Proxy de navegación.

40. Cal destas afirmacións é INCORRECTA en relación ás arquitecturas BLOCKCHAIN?

- A) Nunha rede Blockchain privada só as persoas autorizadas poden participar, verificando e engadindo datos ás cadeas de bloques.
- B) Tanto nunha rede Blockchain privada, como pública, verificase a validez dun rexistro, o que proporciona un nivel considerable de inmutabilidade.
- C) Nunha rede pública, calquera persoa pode participar, verificando e engadindo datos á cadea de bloques.
- D) As transaccións por segundo son maiores nun Blockchain público en comparación cos Blockchain privados

**41. Indique cal das afirmacións é FALSA, respecto ao CRM corporativo do Servizo Galego de Saúde (CRM100):**

- A) É un CRM vertical especializado no ámbito sanitario
- B) Permite realizar enquisas de satisfacción
- C) Permite personalizar a atención aos cidadáns
- D) Dispón de capacidades de IA xenerativa de última xeración para a interlocución cos usuarios

**42. En canto á información contida na historia clínica electrónica, sinala a opción INCORRECTA respecto de quen pode exercer o dereito de acceso:**

- A) O/a paciente ou usuario/a mediante a acreditación da súa identidade.
- B) Mediante representación voluntaria debidamente acreditada, ou legal nos casos que corresponda.
- C) A través de persoas vinculadas ao/á paciente ou usuario/a por razóns familiares ou de feito, mediante a acreditación deste vínculo.
- D) Por un terceiro, motivado por un risco obxectivo para a súa saúde, previa acreditación daquel risco conforme a criterios médico-científicos.

**43. Cales son diferenzas entre o Software Libre e o Open Source:**

- A) O Software Libre non permite o acceso ao código fonte e o Open Source si permite o acceso ao código fonte
- B) O Open Source pode ter soporte comercial e o Software Libre non
- C) Non hai diferenzas, todo o código aberto ten que ser libre
- D) O Software Libre ten que cumprir 4 liberdades esenciais e o Open Source ten que cumprir 10 requisitos definidos pola OSI

**44. Cal das seguintes tecnoloxías NON é unha recomendación e estándar xerado polo World Wide Web Consortium (W3C) para a World Wide Web?**

- A) DOM
- B) XML
- C) AJAX
- D) OWL

**45. Segundo esta definición: "Cando un atributo só toma un valor do dominio simple subxacente, é dicir, cada atributo ten asociado un dominio do cal toma un valor en cada tupla. Cada atributo non principal da relación, ten dependencia funcional completa respecto da chave primaria desa relación. Se ademais, cada atributo non principal (non forma parte da chave primaria) da relación non depende funcionalmente doutros atributos non principais desa relación". En canto á normalización no modelo relacional, se unha táboa cumpre con esta definición, entón dita relación está en:**

- A) 1FN (Primeira forma normal).
- B) 2FN (Segunda forma normal).
- C) 3FN (Terceira forma normal).
- D) FNBC (Forma normal de Boyce-Codd).

**46. Como se chama a rede informática que permite que un dispositivo mestre poida conectarse con ata sete dispositivos escravos activos utilizando a tecnoloxía Bluetooth?:**

- A) Scatternet.
- B) Piconet.
- C) Tuxnet.
- D) Btnet.

**47. Un “plan de continxencia” NON contén:**

- A) Un plan de resposta a incidentes
- B) Un plan de acreditación
- C) Un plan de probas
- D) Un plan de continuidade de negocio

**48. Cal das seguintes metodoloxías NON é unha metodoloxía áxil?**

- A) Scrum.
- B) Dynamic Systems Development Method (DSDM).
- C) Agile Modeling (AM).
- D) Modelo Code and Fix.

**49. O estándar DICOM consta de servizos, a maioría dos cales implican a transmisión de datos a través dunha rede. Cal destas afirmacións é INCORRECTA?**

- A) Query/retrieve: Permite que unha estación de traballo atope listas de imaxes ou outros obxectos similares, e logo os recupere dun sistema de comunicación e arquivo de imaxes.
- B) Modality Worklist: O servizo DICOM Modality Worklist proporciona unha lista de procedementos de imaxes, cuxa realización se programou mediante un dispositivo de adquisición de imaxes (ás veces denominado sistema de modalidade). Os elementos da lista de traballo inclúen detalles relevantes sobre o procedemento a realizar: ID do paciente, nome, sexo e idade, tipo de equipo, descrición do procedemento, código do procedemento, ...
- C) DICOM Storage commitment: O servizo DICOM Store commitment utilízase para enviar imaxes ou outros obxectos persistentes (informes estruturados etc.) a un sistema de comunicación e arquivo de imaxes (PACS) ou estación de traballo.
- D) Print: O servizo DICOM Print utilízase para enviar imaxes a unha impresora DICOM.

**50. En relación ao RPO (Recovery Point Objective), cal destas afirmacións é correcta?**

- A) Un RPO máis curto implica perder máis datos.
- B) Un RPO máis curto implica menos copias de seguridade.
- C) É a cantidade máxima aceptable de perda de datos, despois dun incidente imprevisto, expresada en termos de tempo.
- D) Todas as afirmacións anteriores son incorrectas.

**51. Segundo o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RGPD), ademais do dereito de información, o Regulamento xeral de protección de datos permite que os afectados poidan exercer:**

- A) Os dereitos de acceso, rectificación, supresión ("dereito ao esquecemento"), oposición, portabilidade, limitación do tratamento, e dereito de oposición ás decisións automatizadas (incluíndo a elaboración de perfís)
- B) Os dereitos de acceso, rectificación, supresión ("dereito ao esquecemento"), oposición, operabilidade, limitación do tratamento, e dereito de oposición ás decisións automatizadas (incluíndo a elaboración de perfís)
- C) Os dereitos de acceso, rectificación, supresión ("dereito ao esquecemento"), oposición, portabilidade, limitación do tratamento, e dereito de aceptación ás decisións automatizadas (incluíndo a elaboración de perfís)
- D) Os dereitos de acceso, rectificación, supresión ("dereito ao esquecemento"), oposición, portabilidade, globalización do tratamento, e dereito de oposición ás decisións automatizadas (incluíndo a elaboración de perfís)

**52. Que organización é a que autoriza o uso do termo CERT para Equipo de Resposta ante Emerxencias Informáticas (Computer Emergency Response Team)?**

- A) INCIBE (Instituto Nacional de Ciberseguridade)
- B) CCN (Centro Criptolóxico Nacional)
- C) Carnegie Mellon University
- D) ENISA (European Union Agency For Cybersecurity)

**53. Cal das seguintes opcións NON é un algoritmo de consenso nunha rede Blockchain?**

- A) PoW: Proba de traballo – Proof of work.
- B) PoS: Proba de participación – Proof of state.
- C) PoD: Proba de datos – Proof of data.
- D) PoB: Proba de queimadura – Proof of burn.

**54. No contexto de desenvolvemento de aplicacións, que significa o concepto "mobile first"?**

- A) priorización do deseño e o desenvolvemento web para dispositivos móbiles por encima de pantallas de escritorio
- B) adaptación por defecto da resolución de pantalla do navegador de escritorio á dun terminal móbil
- C) estratexia empresarial de transformación gradual das aplicacións corporativas de escritorio a aplicacións móbiles
- D) corrente de pensamento vencellada a movementos medioambientais que avoga pola erradicación do software para escritorio e dos propios equipos de sobremesa

**55. Nunha rede Fibre Channel, que tipo de porto dos indicados a continuación é o que dispón o host para a súa conexión a un switch de fibre channel?**

- A) Porto de tipo Node.
- B) Porto de tipo Loop.
- C) Porto de tipo Generic.
- D) Porto de tipo Fabric.

TABLA A

Trimestre	Área Sanitaria	Consultas Realizadas
1T	Área Sanitaria de Vigo	209.541
1T	Área Sanitaria de A Coruña	223.465
1T	Área Sanitaria de Lugo	186.308

TABLA B

Mes	Área Sanitaria	Consultas Realizadas
Enero	Área Sanitaria de Vigo	62.996
Febrero	Área Sanitaria de Vigo	70.541
Marzo	Área Sanitaria de Vigo	76.004
Enero	Área Sanitaria de A Coruña	95.226
Febrero	Área Sanitaria de A Coruña	52.915
Marzo	Área Sanitaria de A Coruña	75.324
Enero	Área Sanitaria de Lugo	62.232
Febrero	Área Sanitaria de Lugo	53.525
Marzo	Área Sanitaria de Lugo	70.551

56. De acordo co mostrado na imaxe inmediatamente anterior a este enunciado, que tipo de operación OLAP será necesario realizar sobre os datos para obter os datos da TÁBOA B a partir dos datos da TÁBOA A?:

- A) Operación slice sobre a dimensión Trimestre.
- B) Operación drill up sobre a dimensión Trimestre.
- C) Operación drill down sobre a dimensión Trimestre.
- D) Operación pivot sobre a dimensión Área Sanitaria.

57. No Servizo Galego de Saúde quérese implementar unha rede Wifi para os profesionais cuxa autenticación de usuarios ou equipos realícese contra un servidor RADIUS. Que protocolo de autenticación deberá implementarse en dita Wifi?:

- A) WPA2-PSK
- B) WPA3-PSK
- C) IEEE 802.1X
- D) WEP

58. No Servizo Galego de Saúde deséxase protexer a navegación dos usuarios analizando os ficheiros que se descargan da Internet e tomar medidas no caso de que estes sexan identificados como ficheiros daniños. Cal das seguintes alternativas permite a aplicación de dita medida de seguridade?:

- A) Implementar políticas de acceso a Internet por medio dunha devasa de paquetes con estado.
- B) Redirixir o tráfico de navegación a un honeypot.
- C) Implementar políticas de acceso a Internet por medio dun proxy de navegación descifrando o tráfico dos usuarios.
- D) Implementar políticas de acceso a Internet por medio dun proxy de navegación sen descifrar o tráfico dos usuarios pois non está legalmente permitido.

**59. Tense que desenvolver un sistema de comunicacións entre administracións públicas españolas, para a provisión dun servizo público por vía electrónica. Segundo o Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica, a sincronización dos sistemas farase da seguinte maneira:**

- A) A sincronización da data e hora oficial realizarase coa sede electrónica da administración destino da comunicación
- B) A sincronización da data e hora oficial realizarase co Real Instituto e Observatorio do Ministerio de interior
- C) O Esquema Nacional de Interoperabilidade non regula a hora oficial, isto regúlase no Esquema Nacional de Seguridade
- D) A sincronización da data e hora oficial realizarase co Real Instituto e Observatorio da Armada

**60. Os controis de seguridade definidos na declaración de aplicabilidade (SOA) pódense definir como de aplicación ou non. Segundo a familia de normas ISO 27000 a selección destes controis farase conforme:**

- A) A selección dos controis da declaración de aplicabilidade a avaliar están marcados na propia norma segundo a clasificación do sistema en baixo, medio e alto
- B) A selección dos controis da declaración de aplicabilidade a avaliar indicaraos a organización, indicando para cada un deles se é de aplicación ou non, detallando os motivos e o seu estado de implantación
- C) A declaración de aplicabilidade non é o documento onde se detallan os controis de seguridade a avaliar
- D) A selección dos controis da declaración de aplicabilidade a avaliar están marcados na propia norma segundo a clasificación das dimensións de seguridade de confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e autenticidade

**61. Teño un calendario de backups no que se realizan os mesmos a partir das 22 horas e terminan antes das 8 horas da mañá seguinte. O domingo faise unha copia total e o resto dos días unha incremental. Imos recuperar os datos nun espazo destinado á recuperación e posteriormente mover estes ficheiros ao lugar definitivo. Para asegurar a recuperación duns ficheiros eliminados o mércores ás 10:00 horas, de onde deberiamos recuperar os datos?**

- A) Da copia total do domingo.
- B) Da copia total do domingo, máis a incremental do martes.
- C) Da copia incremental do martes.
- D) Da copia total do domingo, máis a incremental do luns e a incremental do martes.

**62. Cal das seguintes afirmacións sobre os sistemas clúster e balanceo de carga é verdadeira?**

- A) Os sistemas de clúster e balanceo de carga utilízanse para distribuír procesamento entre os sistemas conectados, o que permite que aplicacións e servizos se executen de forma máis eficiente e con maior dispoñibilidade
- B) Os sistemas de clúster e balanceo de carga non poden traballar xuntos porque son incompatibles
- C) Os sistemas de clúster e balanceo de carga sempre garanten que non haberá tempo de inactividade en caso de fallo dun compoñente
- D) Nos sistemas de clúster e balanceo de carga, o balanceo sempre se realiza medindo a carga dos nodos backend

63. Utilizando mensaxería HL7, se quero notificar unha cancelación dun ingreso dun paciente, que mensaxe dos seguintes debería utilizar?

- A) ADT^A03
- B) ADT^A02
- C) ADT^A11
- D) ADT^A13

64. Nun sistema de almacenamento RAID (Redundant Array of Independent Disks), cal das seguintes afirmacións é verdadeira?

- A) RAID 1 utiliza a técnica de striping para mellorar o rendemento
- B) RAID 0 proporciona redundancia de datos e pode sobrevivir ao fallo dun disco
- C) RAID 6 non pode sobrevivir ao fallo de dous discos simultaneamente
- D) RAID 5 require polo menos tres discos e proporciona redundancia de datos mediante o uso de paridade distribuída

65. Como podemos identificarnos para acceder á oficina virtual do profesional (FIDES)?

- A) A través de Chave365.
- B) Con certificado dixital.
- C) Con usuario e contrasinal, xunto cun pin enviado ao móbil rexistrado.
- D) A opcións A e B son correctas.

66. No Servizo Galego de Saúde quérese implantar unha ferramenta de seguridade nos seus servidores para detectar e mitigar en tempo real ameazas avanzadas, tanto coñecidas como descoñecidas por medio da monitorización da actividade nos equipos (eventos, arquivos, procesos, rexistro, memoria, rede,...). Cal dos seguintes tipos de ferramentas débese implantar para iso?:

- A) EDR.
- B) Antispyware.
- C) Antivirus.
- D) Devasa de host.

67. Está a desenvolver unha aplicación web en Python co framework Flask e desexa despregala nun contedor Podman. Cal dos seguintes sería o primeiro paso correcto?

- A) Iniciar o contedor co sistema operativo completo
- B) Despregar a aplicación directamente en Podman sen un arquivo Containerfile
- C) Crear un arquivo Containerfile coas instrucións necesarias para construír a imaxe do contedor
- D) Eliminar todas as dependencias do proxecto antes de construír a imaxe do contedor

68. Un directivo da súa organización ponse en contacto con vostede porque desconfía da información que está a explotar do Data Lake relativa ao Período Medio de Pago (PMP) a provedores do Sistema Público de Saúde. Desconfía que proveñan de QBENCONTA, a fonte autoritativa adecuada (sistema de información operacional corporativo). Onde debería vostede rastrexar o fluxo de datos (sistema orixe, transformacións, destinatarios)?:

- A) Liñaxe de datos
- B) Plan de gobernanza do dato
- C) O propio Data Lake
- D) Hive

69. É vostede responsable da xestión de problemas dun equipo de TI, e as súas funcións están claramente enfocadas a previr incidentes, atopar a causa e ser proactivos na solución definitiva. Atópase cun incidente que ocorre cunha moi baixa frecuencia e afecta a poucos usuarios, para o que dispón dunha solución alternativa. Indique cal das seguintes afirmacións é correcta:

- A) Debe buscar unha solución definitiva sen escatimar en custos nin esforzos necesarios
- B) Non todos os problemas se poden solucionar de forma definitiva. Debemos conformarnos cunha solución temporal, se o custo é demasiado alto ou os beneficios non xustifican o tempo e esforzos necesarios
- C) Sácase o tema de enriba, escala a un superior ou propietario do proceso para que tome el a decisión
- D) As ferramentas de xestión de procesos ITIL implementan unha escala automatizada para decidir que facer

70. Se nun Sistema Operativo WINDOWS, teño un problema de DNS, e quero baleirar e restablecer o contido da caché de DNS, que comando debería executar?

- A) ipconfig /flushdns
- B) ipconfig /renew
- C) ipconfig /registerdns
- D) ipconfig /release

71. Como responsable do departamento TIC da súa organización, apostou por aplicar SCRUM como metodoloxía de desenvolvemento áxil, pero o seu obxectivo non está totalmente resolto pois require reducir o tempo entre que se identifica unha necesidade dun cambio nunha aplicación e o cambio se coloca na produción normal, á vez que desexa asegurar e mellorar (automatizando) a supervisión da calidade de software. Cal debería ser a súa aposta para complementar a axilidade do desenvolvemento obtida coa metodoloxía SCRUM?

- A) DevOps
- B) METRICA 3
- C) Magerit
- D) PMI Agile

Pedido

-idpedido

-idproveedor



Línea

-idlínea

-uds

-description

72. Que tipo de relación entre clases representase no diagrama UML amosado na imaxe inmediatamente anterior a este enunciado?:

- A) Herdanza.
- B) Agregación.
- C) Composición.
- D) Derivación.

```

package ppl;
public class ppl{
    public static void main (String[] args){
        Paciente paci = new Paciente();
        paci.setNombre("José");
        paci.setApellidos("González Fernández");
        System.out.println(paci.getNombre() + " " + paci.getApellidos());
    }
}

```

```

package ppl;
public class Persona{
    private String nombre="";
    private String apellidos="";

    public String getNombre(){
        return nombre;
    }
    public void setNombre(String nombre){
        this.nombre=nombre;
    }
    public String getApellidos(){
        return apellidos;
    }
    public void setApellidos(String apellidos){
        this.apellidos = apellidos;
    }
}

```

```

package ppl;
public class Paciente extends Persona{
    private String nombre="Paciente Ficticio";
    public String getNombre(){
        return super.getNombre();
    }
    public void setNombre(String nombre) {
        this.nombre = nombre;
    }
}

```

73. Cal é a saída esperada tras a execución da función main do código java amosado na imaxe inmediatamente anterior a este enunciado?:

- A) José González Fernández
- B) Paciente Ficticio González Fernández
- C) González Fernández
- D) Paciente Ficticio José González Fernández

74. Temos unha táboa CAMAS\_OCUPADAS cos seguintes campos: cama de tipo char(6); episodio de tipo integer; numhistoria de tipo integer; hospital de tipo char(2); apelido1 de tipo char(15) e apelido2 de tipo char (15). Cal das seguintes consultas se executa sen dar erro?

- A) select ncama, episodio, numhistoria from camas\_ocupadas where hospital="1" union all select ncama, episodio from camas\_ocupadas where hospital="2".
- B) select hospital, count(\*) from camas\_ocupadas where hospital = "1".
- C) select hospital, episodio, count(ncama) from camas\_ocupadas having hospital = "1".
- D) select ncama, episodio, numhistoria, apelido1, apelido2 from camas\_ocupadas where hospital="1" union all select ncama, episodio, numhistoria, apelido2, apelido1 from camas\_ocupadas where hospital="2".

75. Certificamos o noso sistema de xestión de calidade baixo unha norma ISO. No certificado entregado pola entidade de certificación, que acredita que cumprimos cos requisitos da norma, a que norma fai referencia?

- A) ISO 9000:2015
- B) ISO 9001:2015
- C) ISO 9002:2015
- D) ISO 9000-3:2015

76. Dada a seguinte táboa dun modelo relacional TÁBOA(a,b,c) cuxa chave primaria é "a". Cal das seguintes operacións non chegará a realizarse (o motor de base de datos devolverá un erro de execución) partindo dunha táboa baleira?

- A) Inserir (1,10,null).
- B) Inserir (null,1, 10).
- C) Inserir (10,null, 1).
- D) Executaranse todas elas, é dicir, inseriranse os tres rexistros.

```
<!DOCTYPE html>
<html>
<body>

<?php
class Paciente {
public $nhc;
public $apenom;

function set_nhc($nhc)
{ $this->nhc = $nhc; }

function get_nhc() {return
$this->nhc; }
}

$paci =new Paciente();
$paci->set_nhc(25001);
$paci->apenom="John Wayne";

echo $paci->get_nhc();
echo "<br>";
echo $paci->apenom();
?>
</body>
</html>
```

77. Cal é a saída esperada trala execución do código amosado na imaxe inmediatamente anterior a este enunciado?

- A) 25001
- B) A execución falla amosando un erro de sintaxe
- C) 25001  
br  
John Wayne
- D) 25001  
John Wayne

78. Nunha entidade sanitaria, por motivos da execución dun contrato, os datos de carácter persoal deben tratarse nunha empresa que ten filiais en Francia (país da Unión Europea) e parte do tratamento realizarase neste país. Poderanse tratar os datos en Francia baixo unha das seguintes condicións segundo o indicado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (RGPD):

- A) Poderá realizarse unha transferencia de datos persoais se existe unha "decisión de adecuación" co devandito país xa que se asegura un nivel de protección adecuado
- B) Poderá realizarse unha transferencia de datos persoais ao contar con "Normas corporativas vinculantes" aprobadas pola autoridade de control
- C) Poderá realizarse unha transferencia de datos persoais ao asinar un acordo con as "clausulas contractuais tipo"
- D) Poderá realizarse xa que non é unha transferencia de datos persoais. No RGPD indícase que a libre circulación dos datos persoais na Unión non poderá ser restrinxida nin prohibida por motivos relacionados coa protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais

79. Deséxase construír un CPD na sede central da Consellería de Sanidade. Para iso dispónse dun espazo dedicado para os Sistemas de Información, unha liña de distribución eléctrica única, un SAI redundante paralelo (N+1), e un xerador eléctrico no sitio con capacidade de combustible para 12 horas. En base a esta dotación de compoñentes, cal será a clasificación de grao de dispoñibilidade TIER do CPD?

- A) Tier I
- B) Tier II
- C) Tier III
- D) Tier IV

80. Quérese realizar unha análise e xestión de riscos seguindo a metodoloxía Magerit. Que técnica NON utilizaremos?:

- A) Entrevistas
- B) Árbores de ataque
- C) Diagrama de barras
- D) Diagrama PERT – Program Evaluation & Review Technique

81. O Servizo Galego de Saúde precisa desenvolver unha nova aplicación para dispositivos móbiles onde ofrecer servizos aos profesionais da organización para o uso dende os seus propios dispositivos privados. Os servizos a ofrecer requiren o uso fluído de recursos internos do dispositivo hardware do profesional, polo que se decanta pola xeración dunha aplicación nativa. Para o caso de iOS, cal é a contorna de desenvolvemento que debe utilizar?

- A) Xcode
- B) Xamarín
- C) PhoneGap
- D) Ionic

**82. Cal das seguintes IPs pertence a unha rede de clase C?**

- A) 69.51.128.30
- B) 138.40.30.20
- C) 198.33.44.55
- D) 240.1.10.100

**83. A Consellería de Sanidade desexa implantar dobre factor de autenticación para o acceso por VPN. Cal das seguintes solucións NON proporciona dita medida de seguridade?:**

- A) FreeOTP.
- B) Keepass.
- C) Google Authenticator.
- D) OKTA.

**84. Quérese realizar unha análise e xestión de riscos seguindo a metodoloxía Magerit e estamos a analizar ameazas, concretamente os “Ataques intencionados”. Cal das seguintes ameazas está clasificada como “ataque intencionado”?:**

- A) Desastre natural
- B) Avaría de orixe física ou lóxica
- C) Alteración accidental da información
- D) Manipulación dos rexistros de actividade (log)

**85. De acordo coa Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, cal é o valor estimado dun contrato de servizos dun ano de duración se o importe do período é de 1.000.000 € sen IVE (IVE do 21%) e admite unha prórroga doutro ano de duración pola mesma cantidade?:**

- A) 1.000.000 €.
- B) 2.000.000 €.
- C) 1.210.000 €.
- D) 2.420.000 €.

**86. Temos un incidente que afecta á dimensión de seguridade de “confidencialidade” que supón un prexuízo limitado sobre as funcións da organización, sobre os seus activos ou sobre os individuos afectados. Segundo o Esquema Nacional de Seguridade (ENS), a determinación do nivel de seguridade do incidente será:**

- A) BAIXO
- B) MEDIO
- C) ALTO
- D) MOI BAIXO

**87. Nunha organización sufriuse un incidente de seguridade que comprometeu un servidor crítico. Que acción das seguintes NON se debe realizar para facilitar a análise forense?:**

- A) Usar ferramentas de monitorización do tráfico de rede.
- B) Extraer e copiar a información da memoria RAM.
- C) Realizar unha análise de logs.
- D) Reinstalar o sistema operativo para evitar a propagación do malware.

**88. Vostede está a xestionar un proxecto e vese na necesidade de reducir o período de finalización do mesmo, pero evitando incorrer en incremento de custos.<br />Que técnica de compresión do cronograma utilizaría?**

- A) Obviar tarefas prescindibles que non inflúen no camiño crítico
- B) Crashing ou Intensificación
- C) Fast Tracking ou Execución Rápida
- D) Aumentar a granularidade da EDT

**89. Se desde a Unidade de cirurxía bariátrica se quere facer seguimento do peso dun paciente, como pode o paciente enviar os seus datos á devandita unidade?**

- A) A través de TELEA.
- B) Debe obrigatoriamente acudir a unha cita presencial para que o pesen.
- C) A través de lanus, desde a opción do paciente.
- D) Só telefonicamente, previa identificación.

**90. Con que comando podemos conceder permisos de conexión a unha base de datos en SQL?**

- A) ALTER DATABASE.
- B) GRANT.
- C) CONNECT.
- D) REVOKE.

**91. É vostede propietario dos servizos de xestión de incidencias, xestión de problemas, xestión de accesos (entre outros) dos sistemas de información do ámbito funcional de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde. Por falta de dispoñibilidade orzamentaria debe reaxustar á baixa a capacidade e recursos asignados a estes servizos, polo que é tentado a unificar os roles de xestión dos procesos de xestión de incidentes e xestión de problemas. Segundo as directrices de ITIL, indique a opción correcta respecto a esta unificación de roles:**

- A) É unha boa práctica recomendada, dado que evita crear brechas de coñecemento e unha ruptura da comunicación entre a resolución de incidentes e a análise da causa primordial que conduce á causa subxacente
- B) Debe evitarse. ITIL recomenda facelo por separado pois a xestión de problemas é unha práctica centrada en prever incidentes ou en reducir as súas consecuencias mentres que a xestión de incidentes céntrase en solucionar os incidentes do xeito máis inmediato
- C) Non define boas prácticas sobre este caso, por tanto debe aplicar a conveniencia da organización
- D) Non obriga á xestión de problemas, é un proceso prescindible

**92. Nunha organización deséxase separar na rede Fibre Channel as contornas de desenvolvemento, preproducción e produción. Que mecanismo dos indicados a continuación deberase aplicar para realizar esta segmentación?:**

- A) Zoning.
- B) VLAN.
- C) Channel bonding.
- D) PLOGI.

**93. Que técnica de planificación para a xestión de proxectos recollida en MÉTRICA V3 empregaría para representar un cronograma, a representación do plan de traballo, mostrando as tarefas a realizar, o momento do seu comezo e a súa terminación e a forma en que as distintas tarefas están encadeadas entre si?**

- A) Diagrama PERT
- B) Diagrama CPM
- C) Diagrama de GANTT
- D) Histograma

**94. Un cidadán exerceu o seu dereito de acceso aos datos persoais ante un responsable de tratamento dunha administración pública. O prazo para responder é:**

- A) Sempre dun mes a partir da recepción da solicitude e devandito prazo non poderá prorrogarse
- B) Non existe un prazo para responder
- C) Un mes a partir da recepción da solicitude. O prazo poderá prorrogarse outros dous meses en caso necesario, tendo en conta a complexidade e o número de solicitudes
- D) Sempre de catro meses a partir da recepción da solicitude

**95. Indique a opción ordenada correctamente de menor a maior:**

- A) byte, kilobyte, megabyte, gigabyte, terabyte, petabyte, zettabyte, exabyte, yottabyte
- B) byte, kilobyte, megabyte, gigabyte, terabyte, exabyte, petabyte, zettabyte, yottabyte
- C) byte, kilobyte, megabyte, gigabyte, terabyte, petabyte, exabyte, zettabyte, yottabyte
- D) byte, kilobyte, megabyte, gigabyte, terabyte, petabyte, exabyte, yottabyte, zettabyte

**96. A directora do proxecto de construción do novo CPD do SERGAS, desexa poñerse en contacto coa empresa provedora de cabinas de almacenamento para incluír no contrato uns cambios que se acordaron en canto ao cronograma do proxecto. A directora fixo tres chamadas e escribiu catro e-mails ao administrador de contratos da empresa provedora, pero non levou un rexistro escrito de todas estas comunicacións. Segundo a xestión de procesos de PMBOK, actuou correctamente?**

- A) Non, xa que se debe levar un rexistro por escrito completo e exacto de todas as comunicacións escritas e orais do contrato, así como das accións levadas a cabo e as decisións tomadas
- B) Si, xa que os e-mails quedan rexistrados e as chamadas tamén poden ser identificadas e documentadas.
- C) Depende de se así estaba determinado no plan de xestión das comunicacións.
- D) Si, xa que os e-mails quedan rexistrados.

**97. Se queremos notificar mediante un SMS o usuario e contrasinal inicial ao número de teléfono dun traballador que acabamos de contratar, que teléfono deberíamos usar para realizar tal notificación?**

- A) O teléfono máis recentemente actualizado de calquera aplicación existente no SERGAS.
- B) O teléfono rexistrado na aplicación de recursos humanos (RHPYN).
- C) O teléfono rexistrado na Tarxeta Sanitaria.
- D) O teléfono da aplicación de xestión de pacientes SIHGA.

```
<?xml version="1.0"?>
<mensaje>
  <para>Juan</para>
  <de>María</de>
  <asunto>Cita con el Dr. Rodríguez</asunto>
  <cuerpo>Recuerda la cita para el 24/11</cuerpo>
</mensaje>
```

- a) <!ELEMENT mensaje>  
<!ATTLIST para de asunto cuerpo >
- b) <!ELEMENT mensaje (para, de, asunto, cuerpo)>  
<!ELEMENT para (#PCDATA)>  
<!ELEMENT de (#PCDATA)>  
<!ELEMENT asunto (#PCDATA)>  
<!ELEMENT cuerpo (#PCDATA)>
- c) <!ELEMENT mensaje (para, de, asunto, cuerpo)>  
<!ATTRIBUTE para (#PCDATA)>  
<!ATTRIBUTE de (#PCDATA)>  
<!ATTRIBUTE asunto (#PCDATA)>  
<!ATTRIBUTE cuerpo (#PCDATA)>
- d) <!ELEMENT mensaje (para, de, asunto, cuerpo)>  
<!ENTITY para (#PCDATA)>  
<!ENTITY de (#PCDATA)>  
<!ENTITY asunto (#PCDATA)>  
<!ENTITY cuerpo (#PCDATA)>

98. Na imaxe inmediatamente anterior a este enunciado, cal das alternativas de DTD indicadas é a correcta para que o documento XML indicado no recadro sexa válido de acordo a dito DTD?:

- A) A opción a).  
B) A opción b).  
C) A opción c).  
D) A opción d).

99. Deséxase dotar da alta dispoñibilidade aos sistemas de información da Consellería de Sanidade construíndo un CPD de respaldo na súa sede central. Cal das seguintes opcións NON é un requisito no deseño?

- A) Débese elixir unha localización totalmente distinta á do CPD principal co obxecto de que non se vexan ambos os afectados simultaneamente por algunha mesma continxencia
- B) Terase en conta a distancia ao CPD principal, en base ás limitacións das capacidades de telecomunicacións entre ambos os centros
- C) O software será totalmente idéntico ao existente no CPD principal. Isto implica exactamente as mesmas versións e parches do software de base e das aplicacións corporativas que estean en explotación no CPD principal
- D) O equipamento hardware debe ser un duplicado exactamente igual ao do CPD principal, coa mesma capacidade e potencia

**100. Que documento deberá presentar un cidadán residente en Galicia, protexido polo sistema sanitario público, para acreditar o acceso aos servizos e prestacións sanitarias financiadas a través da Xunta de Galicia e que teña legalmente recoñecidas?**

- A) DNI (Documento Nacional de Identidade).
- B) Cartilla da seguridade social.
- C) Tarxeta sanitaria.
- D) Calquera dos documentos anteriores (DNI, cartilla da seguridade social ou tarxeta sanitaria).

**101. Se abro unha conexión FTP cun servidor, e quero copiar no meu PC todos os ficheiros que comezan por "mi" e teñen extensión .txt, que comando utilizaría?**

- A) get mi\*.txt
- B) put mi\*.txt
- C) mget mi\*.txt
- D) mput mi\*.txt

**102. Con que comando podemos apagar un sistema LINUX?**

- A) halt
- B) shutdown
- C) poweroff
- D) As opcións A, B e C son correctas.

**103. Indique cal das seguintes afirmacións é correcta con respecto ao selado de tempo:**

- A) É unha sinatura electrónica realizada por unha TSA que nos permite demostrar que os datos subministrados existiron e non foron alterados dende un instante específico no tempo
- B) É unha sinatura electrónica realizada por unha TSA que nos permite demostrar que un documento electrónico foi asinado nun momento do tempo concreto
- C) É unha sinatura electrónica realizada por unha TSA que garante fidedignamente a data e hora dunha sede electrónica
- D) É unha sinatura electrónica sincronizada co ROA (Real Instituto e Observatorio da Armada) que garante fidedignamente a data e hora dunha sede electrónica

**104. Se un paciente quere solicitar unha copia das súas probas diagnósticas de imaxe (radiografías, ...), pode realizala da seguinte forma:**

- A) Dende TELEA.
- B) Dende É-Saúde.
- C) Solicitando unha cita no servizo de Radioloxía.
- D) Solicitando unha cita co médico de familia, para trámites administrativos.

**105. No deseño dunha páxina web utilizouse unha pauta de accesibilidade web WCAG 2.2, que se describe como: "Uso da cor: A cor non se utiliza como o único medio visual para transmitir información, indicar unha acción, provocar unha resposta ou distinguir un elemento visual". Cal é a resposta correcta?**

- A) Non existe ningunha pauta que faga referencia á cor para mostrar a información
- B) É unha pauta de nivel AAA
- C) É unha pauta de nivel AA
- D) É unha pauta de nivel A

106. Dispón de varias Apps embarcadas nos dispositivos móbiles corporativos dos traballadores, que acceden ao backend de servizos expostos na rede pública (internet), utilizando protocolo de comunicación HTTPS cifrado TLS 1.2. Pero desexa reforzar a seguridade das comunicacións para evitar ataques Man in the Middle. Que mecanismo compatible con HTTPS utilizaría?:

- A) HTTP Public Key Pinning (HPKP), tamén coñecido como certificate pinning
- B) OSCP stapling
- C) Application-Layer Protocol Negotiation
- D) Bouncy Castle

107. Deséxase construír un novo CPD no edificio do Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol, onde se dispón dun espazo suficiente reservado para situalo. Dada a criticidade dos sistemas, deséxase un deseño do CPD con grao mínimo aceptable Tier II. Atópase co problema de que a localización reservada non dispón de altura suficiente para a instalación de chan técnico. Cal é o criterio correcto?:

- A) Non é un inconveniente, pódese construír un CPD con nivel Tier II sen chan técnico
- B) É un inconveniente, pois todo deseño de CPD non básico (Tier I) require chan técnico
- C) Non é un inconveniente, pero debe dispoñer de zona de acceso directo para carga/descarga ao mesmo nivel de planta en que se constrúa
- D) Non é un inconveniente, se dispón de dobre acometida de subministración eléctrica

```

package pp2;

public class pp2 {

    public static void main(String[] args) {
        Persona pers=new Persona();
        pers.calcula("2","5","3");
        pers.calcula(5,3,8);
        System.out.println(pers.getPrestacion());
    }
}

```

```

package pp2;

public class Persona {
private String nombre="";
private String apellidos="";
private String prestacion="";

public String getNombre() {
return nombre;
}
public void setNombre(String nombre) {
this.nombre = nombre;
}
public String getApellidos() {
return apellidos;
}
public void setApellidos(String apellidos) {
this.apellidos = apellidos;
}
public String getPrestacion() {
return prestacion;
}
public void calcula(String d1, String d2, String d3) {
this.prestacion=d1 + d2 + d3;
}
public void calcula(Integer v1, Integer v2, Integer v3) {
Integer prestacion=(v1+v2+v3);
this.prestacion=prestacion.toString();
}
}
}

```

108. Cal é a saída esperada tras a execución da función main do código java amosado na imaxe inmediatamente anterior a este enunciado?:

- A) 253
- B) 16
- C) 10
- D) Non se pode executar, pois da un erro de compilación

109. Cal dos seguintes NON é un tipo de procesador destinado a tarefas de propósito xeral?

- A) ARM V9
- B) AMD Ryzen 5
- C) NVIDIA GeForce RTX 3080
- D) Apple M1

110. Estamos a realizar unha auditoría da nosa administración pública para a obtención da certificación baixo o estándar da familia ISO 27000. Un requisito da norma para poder obter a certificación é contar cunha análise de risco. Para a realización da análise do risco:

A) Obríganos a facelo segundo a metodoloxía Magerit (Metodoloxía de Análise e Xestión de Riscos dos Sistemas de Información) que edita o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, xa que é unha metodoloxía proposta por unha administración pública española e a auditoría realízase nunha administración pública

B) Obríganos a facelo segundo a norma ISO 32010 (Xestión de Riscos – Avaliación do Risco – avaliación técnicas do risco) xa que é a metodoloxía de xestión de riscos da organización ISO

C) Indícanos que debemos ter unha metodoloxía formal para facer a análise de riscos pero non obriga a ningunha, mesmo permite definir unha propia na organización

D) Obríganos a facelo segundo a norma ISO 27005, xa que é a que está dentro da familia de normas ISO 27000